



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo

Estrada AC-542, Betanzos a Mesón do Vento, km 7
San Tirso de Mabegondo, Abegondo 15318 A Coruña
Dirección postal: Apartado 10. 15080 A Coruña, España
Teléfonos: Consultar www.ciam.es Fax: 881881800



INGACAL
INSTITUTO GALEGO
DA CALIDADE ALIMENTARIA

INFORME SOBRE EXECUCIÓN DA ACCIÓN DE MELLORA DE RECURSOS XENÉTICOS TITULADA “POTENCIACIÓN DO BANCO DE RECURSOS FITOXENÉTICOS DE MILLO EXISTENTE NO CIAM-INGACAL”

Obxectivo:

Actualización do inventario e multiplicación das variedades locais e liñas puras de millo almacenadas no actual Banco de xermoplasma

Relación coa liña de variedades autóctonas:

A actualización do inventario da base de datos das variedades locais e liñas puras de millo, require coñecer a cantidade e a capacidade xerminativa da semente da mostra así como a súa ubicación dentro do Banco de Xermoplasma. Se require ademais que o almacenaxe da semente se faga en envases que sexan apropiados. No caso de almacenamento de longa duración as caixas e botes que albergarán a semente deberán ser de plástico transparentes para facer un seguimento do estado da semente no interior e dun material que non deixe pasar a humidade da cámara de refrixeración do exterior ao interior do envase, mentres que as tapas deberán ser herméticas. No caso de almacenamento de curta duración, dende uno ata tres anos, será suficiente con envases en bolsas de papel burbulla no seu interior para amortecer os golpes e que a semente non se deteriore, e para evitar o paso da difusión da humidade a través das paredes do envase.

Estado do proxecto:

O proxecto ten algunhas variedades locais de millo plantadas no campo, nas que se fixo a súa multiplicación mediante a polinización de arredor de 50 plantas usadas como femias polo polen de outras 50 plantas usadas como machos. Se espera a súa recolección no mes de outubro.

No que respecta ao inventario propiamente dito, estamos esperando a que se incorporen o Auxiliar de laboratorio ou oficial de campo para pesada, test de xerminación, croquis de ubicación durante 4 meses, así como o Tecnólogo para confeccionar o catálogo e a súa exposición na web do CIAM durante outros 4 meses. Este persoal a pesar de estar solicitado aínda a non se incorporou.

Mentres tanto se precedeu a facer o acopio de material necesario para realizar estas accións no momento que se incorpore o persoal.